

Actividades de Cedofeita Lembranzas de novembro a novembro.

A presentación dun novo número da Revista da nosa Asociación sociocultural, na que a presente fai xa o número 13, é de novo motivo gozo sacar a luz do prelo. Un ano máis as diferentes actividades levadas a cabo pola Asociación dun xeito cíclico tiveron na defensa do noso patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural o eixe das nosas actuacións. Así, son de salientar:


XV XORNADAS MICOLÓXICAS.

O grupo Sendeiriña da nosa Asociación levou a cabo as súas XV Xornadas, cunha charla impartida por Pepe Álvarez na tarde do venres 7 de novembro, sobre especies comestibles e tóxicas da nosa contorna, coa saída ó monte na mañá do sábado, no natureza agasalounos esplendidamente, como se pode apreciar na foto, e coa posterior degustación das memas á noiteña.



PRESENTACIÓN DA REVISTA Nº 12.

No serán do martes, 25 de novembro, tivo lugar na Galería Sargadelos de Pontevedra, a presentación da nosa Revista, na que se recollen diversos traballos de investigación histórica -sobre Galicia, o Pai Sarmiento, carteis na guerra civil, e xogos florais na Pontevedra de 1911, entre outros-, textos literarios, de socioeconomía, humor, etc. Ós que se poden acceder na noxa páxina web.



75 ANIVERSARIO LOCAL SOCIAL DE JUVENTUD LEREZANA.

A Asociación participou coas outras entidades da parroquia nos actos celebrados -exposición, conferencias, contacontos, actuacións folclóricas e no xantar de confraternidade- nos días 6, 7 e 8 de Nadal no CEIP San Benito de Lérez.



ASEMBLEA.

Na noite do 26 de febreiro celebrouse a Asemblea xeral ordinaria e extraordinaria, que, ó abeiro art. 9 dos nosos estatutos, cumpría elección de nova directiva. Quedou formada por:

Presidente: Xosé Álvarez Castro

Vicepresidente: Xaime Iglesias González

Secretario: Xosé Luis Estévez Solla

Tesoureiro: Xosé Manuel Castro Méndez

Vocais: Xaime Barreiro Montes, Benigno García Casalderrey, Xosé Grandal Sanjorge, Xosé Quinteiro Piñeiro, Antonio Vázquez Iglesias e Isidoro González Paz.

IX FESTA DA VINCHA EN CERDEDO.

Invitados pola Asociación Espadela participamos nos seus actos, cunha mostra co noso obradoiro de tinguido e a nosa revista, no 22 de febreiro, domingo de entroido



O domingo 24 de maio, acudimos ó encontro coa Montaña Máxica, guiados por Calros Solla do grupo etnográfico Serpe Bichoca, que co seu apaixonado verbo fíxonos vibrar coas lendas que encerra esa montaña, e os destragos causados pola instalación do parque eólico.

ROTEIRO DOS CRUCEIROS DE LÉREZ.

Na tarde do 30 de maio tivo lugar a realización do mesmo no que visitamos os trece cruceiros da nosa parroquia e tamén os limítrofes da Ponte das Cabras (da de Alba), no que a exposición do guía foi apoiado cun magnífico tríptico.



ROTEIRO NO MONTE SEIXO. 24 DE MAIO





O domingo 14 de xuño, realizamos a nosa acostumbrada viaxe cultural, visitando Ribadavia, Pazos de Arenteiro, o espectacular castro de San Cibrao de Las, San Clodio e o Carballiño.

EXPOSICIÓN DE AGOSTO.

Os días 6,7,8 e 9 de agosto levamos a cabo a XV Exposición, "Coa música a esta parte. Músicos de Lérez e instrumentos", no que ademais da mostra instrumental e de paneis, contou con actuacións de músicos lerezáns, como se reflicte no primeiro artigo desta revista.



FEIRA FRANCA, 5 DE SETEMBRO

No sábado 5 de setembro, Cedofeita colaborou unha vez máis, sexto ano, na recreación popular da Feira Franca de Pontevedra, co obradoiro de tinguidos naturais nos arcos do Museo da rúa Sarmiento sumándonos a outros colectivos nesta recreación da feira de San Bartolomeu.



OUTRAS PARTICIPACIÓNS E COLABORACIÓNS

Ó longo deste últimos doce meses Cedofeita colaborou con outras entidades e asociacións: Apoio a Plataforma "Queremos galego", Consello Aberto de Feira Franca, REAL, Asociacións da parroquia, Asociación Cultural de O Burgo, Verbo Xido, etc.

